

# *Flores de ferro*



Montse Suárez



Os recordos son tormenta,  
tormenta que priva o sol,  
priva o sol aquela nena  
coidada como fráxil flor.

Fráxil flor baixo serventa  
serventa ata o solpor,  
solpor que chega á “lenda”,  
que creou o proxenitor.

Marchou en busca de cartos  
atopou unha cálida man  
sentouna entre penedos  
susurroulle como o mar:

—Cada pedra desgastada,  
cada arrecendo en flor,  
unha historia gravada  
que forma xa parte de nós.





Pisou pedal o artesán  
xirou e xirou o torno  
as palabras deron forma  
ás historias do seu pobo.

Vocalizou bravas verbas  
que latricaban do terror,  
pero tamén das Brianesas,  
da súa bravura e valor.

Aínda que martes era,  
aínda que era abril,  
celebraron unha festa  
felices estaban a rir.

Como nunha voda mesma  
daquel ano trinta e un  
bandeiras libres elevan  
o mesmo motivo común.





Celebraron todos á unha  
“festa da fraternidade”  
mais catorce e o cura  
negaban a laicidade.

Ía pasando a vida,  
ía dando froito o amor,  
mais pronto chegou o día  
para quen sembraba a dor.

Eran tan malas as cousas  
que estaban a suceder  
pois xa ninguén se libraba  
foras home, foras muller.

Nin o ferreiro na zafra  
tiña a forza daquel anel,  
que a quen fora dañaba,  
senón era do gusto del.





Era tan grande o sufrir,  
era tan grande o medo,  
a xente estaba a fuxir  
poñían mar de por medio.

Acusados, desertores  
da guerra que non pediron  
en covas do alto monte  
como “lagartos” vivindo.

Aquelas teas tinguidas  
coas que traxes fixeron  
ían quitando as vidas.  
Ai! As mans que as coseron.

O río de doce cante  
tornouse no de Caronte  
todo tinguido de sangue  
todo tinguido de morte.





O lobo saía cazar  
sen importarlle a presa,  
matou a quen lle dou pan  
quen o estimou na tarberna.

Se por matar ata matou,  
matou na súa camada,  
ao seu fillo escorrentou  
tras enterrar á amada.

Fría noite de inverno  
fría era, era negra.  
Ai! O cabalgar do trono.  
Ai! Cada vez máis cerca.

Ela pechou ben a porta,  
ela pechou ben a fiestra,  
e cubriu ben a pequena  
de sangue e pestilencia.





E soplou a tempestade  
e abriuse a *Portela*  
e lóstregos de maldade  
esnaquizáronse nelas.

Pero ese lobo alfa  
xamais foi el quen de matar  
quen agochaba as almas  
para a vida lles salvar.

Ela de fame preñada,  
de soidade e miseria,  
e cunha pouca quincalla  
e valía dende nena.

Cruzando as correoiras  
só cunha vella maleta  
de soños toda cargada  
de moito coraxe chea.





E sen fe, nin esperanza  
nin médico que valera  
foi sementando confianza  
e fiaron as vidas nela.

Ela na *Fidelidade*  
das mellores compañeiras  
atopou sabiduría  
fogar para a súa nena.

O torno parou de xirar,  
dera á historia forma,  
pero costoulle aceptar  
que seu pai o lobo fora.

Onde o camiño pon fin,  
onde o mar area baña,  
*Flores* novas naquel xardín  
no que sempre foi amada.

